

“A CANCIÓN DE CONCERTO ESPAÑOLA E GALEGA”

II Ciclo de Concertos Didácticos - "A Música de Salón"

Aula de Música del Vicerrectorado de Extensión Universitaria y Comunicación

Universidade da Coruña

Auditorio del Conservatorio Superior de Música de La Coruña / 18 de noviembre de 2006

Primera parte:

JOSÉ CASTRO "CHANÉ" (1856 - 1917): Os Teus Ollos

Texto: Manuel Curros Enríquez

XOÁN MONTES (1840 - 1899): Negra Sombra

Texto: Rosalía de Castro

JOSÉ BALDOMIR (1867 – 1847): Maio Longo

Texto: Rosalía de Castro

JOSÉ BALDOMIR (1867 – 1847): Meus Amores

Texto: Salvador Golpe

ANDRÉS GAOS BEREÁ (1874 –1959): Rosa de Abril

Texto: Rosalía de Castro

EDUARD TOLDRÀ (1895 – 1962): As froliñas d'os toxos

Texto: Antón Noriega Varela

A. GARCÍA ABRIL (1930): Coita

Texto: Álvaro de las Casas

Segunda Parte:

FEDERICO GARCÍA LORCA (1898 –1936): De *Canciones Españolas Antiguas*

Las Morillas de Jaén

Anda, Jaleo

EDUARD TOLDRÀ (1895 – 1962): De *Seis Canciones*

Cantarcillo

Madre, unos ojuelos vi

Textos: Lope de Vega

JOAQUÍN RODRIGO (1901 – 1999):

Canticel

Texto: José Carner (Adaptación poética de Gerardo Diego)

Fino Cristal

Texto: Carlos Rodríguez Pintos

Duérmete, Niño

Texto: Victoria Kamhi

NOTAS AO PROGRAMA

Por Julián Jesús Pérez Fernández

O trío *Capriccio Vocale* (soprano, barítono e piano) presenta neste concerto unha selección de fermosas melodías compostas ou arranxadas por algúns dos nosos mellores creadores no campo da canción de concerto. Entre os poetas, figuran nomes como Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro ou Lope de Vega.

A primeira parte do concerto está dedicada ao repertorio composto sobre poemas en galego, ben por compositores autóctonos (Chané, Montes, Baldomir, Gaos) ben do resto do estado (Toldrá, García Abril). Do autor máis afastado no tempo, Xoán Montes, escollemos a balada galega *Negra Sombra*, escrita sobre un poema de Rosalía que ilustra metaforicamente a pena que a poeta levou sempre consigo, se cadra expresada xa no inicio da obra por unhas oitavas do piano en rexistro grave.

Avanzando no tempo, presentamos dous compositores da chamada "Belle Époque": por unha banda, José Castro "Chané" coa cantiga titulada *Os teus ollos*; por outra, José Baldomir con *Maió longo* e *Meus amores*. A sensual melodía de Chané, en que a voz poética creada por Curros se dirixe a unha rapaza e á súa ollada, apóiase nun acompañamento case vertical do piano en que destaca un contracanto nos versos finais de cada estrofa, e mesmo unha coda instrumental que fainos lembrar un tema de alborada. Baldomir escribe unhas melodías cheas de lirismo, que flúen con naturalidade. En *Maió longo*, estruturada sobre a forma ABA (tipo aria da capo), constrúe frases curtas e claras en que reflicte o intimismo do texto poético. *Meus amores*, en forma AB (binaria) é unha cantiga máis expresiva; guiada polo poema de Salvador Golpe, Baldomir presenta unha primeira sección expositiva: "*a familia e a terra donde nacín*" para pasar a unha segunda sección que contrasta coa primeira polo seu carácter case dramático; a voz poética fai unha invocación á morte se chegase o momento en que eses amores non lle respondesen: "*que sin amor nin patria non sei vivir!*".

Chegamos ao pleno século XX con Gaos, Toldrá e García Abril. Andrés Gaos Berea é un músico galego de proxección universal. A súa versatilidade permitiulle destacar como violinista, compositor e pedagogo. Pasou boa parte da súa vida na Arxentina. Compuxo a xoia para piano titulada *Rosa de Abril* cando, xa moi ancián, sentiu a chamada da terra por última vez. Baseada no poema de Rosalía que comeza "*Nasín cando as prantas nasen...*", Gaos foi quen de escribir unha breve peza en que a música parece feita para ser cantada aplicándolle ese texto. A peza é cativadora non só pola beleza da melodía, senón tamén por unha harmonía en que se deslizan certos cromatismos e saborosas disonancias que lle confiren interese.

O catalán Eduard Toldrà escribiu *As froliñas dos toxos* sobre un texto de Antón Noriega Varela. Neste caso, a liña vocal e a parte de piano fúndense nunha textura ás veces polifónica, ás veces de acompañamento harmónico na man dereita sobre un ostinato rítmico na man esquerda, mentres que a voz poética subliña a veneración que sinte polas flores do toxo: "*¡Ou, d'o yermo preciado tesouro!*". Tamén o aragonés Antón García Abril utiliza a textura polifónica, neste caso na man dereita do piano e apoiada nos baixos da man esquerda. A melodía, de estrutura sinxela, distribúese en dúas partes: a primeira, en que se alternan catro estrofas diferentes, sofre certas variacións ao longo da obra; a segunda, a xeito de refrán, expón o desexo do poeta: "*Mariñeiros, mariñeiros, levaime con vos ao mar.*"

A segunda parte do concerto comeza con dúas pezas de orixe popular arranxadas para voz e piano polo poeta Federico García Lorca. A primeira delas, *Las morillas de Jaén*, está baseada nunha melodía popular do século XV. Baixo unha estrutura de zéjel, Lorca escribiu a súa versión en que alterna unha introdución do piano construída sobre a cadencia andaluza que reaparece ao xeito de ritornello entre a segunda e a terceira estrofa, e mesmo ao final da peza. A segunda, *Anda, jaleo*, sorprende pola súa combinación de ritmos (hemíolas), moi habitual no pau flamenco das bulerías. A melodía vocal estrutúrase en dúas partes: a segunda, iniciada co verso que lle dá título á canción, cumpre unha función de refrán, malia non diferir moito da primeira.

Máis unha vez, Eduard Toldrà ocupa a nosa atención, esta vez con dúas cancións compostas sobre textos de Lope de Vega. Moi diferentes entre si polo que respecta ao carácter e mesmo ao desenvolvemento da parte pianística, a titulada *Cantarillo* amosa unha melodía tranquila, acompañada por harmonías longas e acordes arpexados en boa parte da peza; a voz poética podería ser a da Virxe María pedindo aos anxos que non fagan ruído para que o neno durma. A canción *Madre, unos ojuelos vi* está construída a partir dunha breve célula ou motivo rítmico que lle confire unidade. A parte de piano semella ter vida propia, xa que o autor utiliza nela diversas transformacións da célula inicial, e mesmo pasaxes arpexadas ascendentes que imprimen movemento á obra. Os puntos culminantes dela aparecen no verso “*¡Ay, que me muero por ellos...!*”, subliñado por un breve, aínda que intenso, acorde disonante que prepara a caída da frase: “*y ellos se burlan de mí!*”.

O concerto remata con tres pezas do valenciano Joaquín Rodrigo. A brevísima *Canticlel* (cantarciño), titulada *Trovadoresca* en castelán, fai lembrar na súa escritura pianística o instrumento trobadoresco por excelencia, mencionado no texto: o laúde. Trátase dunha canción estruturada baixo a forma AA'A' cunha introdución pianística que reaparece entre as diferentes estrofas a modo de ritornello. A melodía, de ámbito curto, é de carácter intimista, en consonancia co sentido do texto, que reflicte os anhelos de amor e liberdade do poeta. A canción titulada *Fino Cristal* chama a atención pola fragilidade sonora que presenta a parte de piano en boa parte da peza. O texto destila un aroma impresionista que Rodrigo soubo plasmar na súa música. Compuxo unha melodía moi etérea na que utiliza sabiamente o tresillo de corcheas; desta maneira, o ritmo xeral da obra resulta menos rixido. Tamén tivo en conta a cor sonora na frase “*ligero, el viento negro corre detrás*”, ao servirse de notas graves na voz e no piano. Para rematar, a panxoliña *Duérmete, Niño* é un dúo en que o diálogo vocal queda subliñado por un sinxelo acompañamento do piano. Tan só no punto culminante (“*velan la luna, luna y estrellas*”) na coda final as voces están superpostas. O neno dórmese co canto da nai, un canto que semella ao dun paxaro e que xa fóra exposto ao longo da peza en pequenas intervencións da man dereita do piano.

Sabemos que Rodrigo quedara sen vista a temperá idade; se cadra foi a falta deste sentido o que impregnou a súa música de referencias sensoriais que dan á súa obra un selo de autenticidade.